

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **17 de xaneiro de 2019**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Manuel Doval Soto DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas D. Vicente Gómez García D. Adolfo González Nóvoa D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes INTERVENTORA ACCTAL: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 17 de xaneiro de 2019 , ás 18.00 horas, baixo a presidencia de don Manuel Doval Soto e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
---	--

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 13 de decembro de 2018, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO SOBRE FIXACIÓN DE PREZOS DE PUBLICACIÓNS QUE EDITARÁ A DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno do 28 de decembro de 2018, relativo á fixación de prezos de venda ao público de publicacións que editará a Deputación Provincial.

Os membros da comisión quedan informados.

3º.- OUTORGAMENTO DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA A DON ELIGIO RIVAS QUINTAS.-

O presidente da comisión dá lectura á proposta.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Outorgarlle a medalla de ouro da provincia ao destacado intelectual ourensán don Eligio Rivas Quintas, de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, como homenaxe e recoñecemento do noso pobo a toda unha longa traxectoria intelectual marcada polo seu carácter de traballador incansable e a súa implicación no estudo e difusión dos principais valores culturais da nosa provincia.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, pregunta en primeiro lugar, en relación coa Mascarada Ibérica que se vai celebrar proximamente na Comarca da Limia, cal é ou vai ser a colaboración da Deputación Provincial con este importante evento. En segundo lugar pregunta polo estado de tramitación da posta en funcionamento do Museo do Entroido de Xinzo, solicitando informe sobre os prazos previstos para a súa posta en funcionamento, apertura ou adxudicación da súa xestión.

O presidente da comisión responde que tendo sempre presente que a decidida proposta da Deputación por apoiar aos diferentes entroidos da provincia, lle consta que o persoal da Deputación está traballando nestes días para a posta en marcha do referido

Museo do Entroido, pero que ao non coñecer con exactitude os datos da tramitación a pregunta seralle contestada por escrito.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, reitera dúas preguntas xa formuladas en anteriores comisións e das que non recibiu información e que son as relativas ao estado de tramitación da posta en funcionamento do Museo dos Bolechas por un lado, e do Museo da Emigración por outro lado.

O **presidente da comisión** responde que lle contestará por escrito.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, volve formular unha pregunta xa formulada en comisións anteriores, nas que solicita en primeiro lugar saber cales son os criterios da Deputación para subvencionar campos de fútbol de herba artificial en diferentes municipios da provincia; en segundo lugar pregunta en relación coas obras que se realizaron na biblioteca da Deputación, cal vai ser o destino do material retirado e que actuacións se van levar a cabo.

O **presidente da comisión** responde que lle contestará por escrito.

E, ás 18:10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.